

Desque botou a andar o Foro E. Peinador, levamos celebrados ao pé de varias dúcias de encontros con empresarios.

Durante este tempo tivemos a ocasión de trasladarlle a unha boa parte do empresariado galego graduais propostas para identificaren os seus negocios coa identidade do País.

Os resultados non podían ser mellores. Velai están os acordos asinados por ACLUNAGA e Estaleiros Barreras para confirmar que á lingua galega ábrense espazos inéditos.

Hoxe son dez empresas máis que continúan este proceso que semella albiscar un futuro optimista a curto e medio prazo.

Nós queremos que estas empresas colaboren connosco, que partipen nas nosas reunións e teñan o protagonismo que merecen nesta nova andaina de atraer á galeguidade empresarias a outras sociedades mercantís.

Estamos convencidos de que este grupo empresarial vaille aportar á lingua galega o prestixio que noutroa tiveran os xograres da lírica medieval.

Gustaríanos que este proceso galeguizador se levase a cabo sereamente, pero con evidente progresión, unha vez que desapareceron os temores iniciais.

Os convenios que se asinan hoxe teñen como finalidades incorporar a lingua galega ás nóminas, convenios colectivos, contatos de traballo, rotulación, publicidade, páxina web... e todas aquelas actividades nas que o galego poida estr presente.

En termos de estratexia comercial a singularidade é un plus que xa teñen experimentado os adegueiros que se sumaron á galeguización das etiquetas. Todas elas poden corroborar o meu aserto: a galeguización axudounas a resprandeceren na globalización dos mercados, propios e internacionais.

Parecera que estivesemos a botar adiante unha experiencia sen precedentes na historia de Galicia. Pero non é así. Se ben é certo que os exemplos de galeguización habidos en Galicia fixéronse en contextos sociopolíticos distintos. Daquela non habia un réxime xurídico de cooficialidade lingüística. Estoume a referir aos anos trinta e posteriores á guerra civil española. E se cadra por iso aqueles xestos empresarias teñen características épicas.

Nos anos vinte do século XX a conserveira Massó, a máis importante do sector na Europa daqueles tempos, estaba rotulada en lingua galega.

Augas de Mondariz publicitabase en lingua galega en publicacións galegas de aquí e da diáspora.

Zeltia, empresa farmacéutica de renome internacional, facía publicidade en lingua galega –lémbrense do famoso calendario ZZ-, e utilizaba como logo un trisquel, expresión artística dos nosos xacementos arqueolóxicos. E os seus propietarios apoiaban a cultura galega desde o Colexio Fingoy de Lugo, a Editorial Galaxia, o obradoiro de instrumentos musicais galegos da deputación luguesa...

Precisamente agora, que se cumpren 70 anos da fundación desa empresa creada por dous investigadores, o Foro E.Peinador publica a biografía dun deles: de Ramón Obella Vidal, a autoría do profesor Ricardo Gurriarán que hoxe nos acompaña aquí.

A galeguización empresarial non é óbice para o desenvolvemento das empresas e a súa proxección internacional. Todas son vantaxes e ningún inconveniente.

Moitas grazas.